




# AS PALABRAS NO CAMIÑO II

PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN  
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES PLURILINGÜE AQUIS CELENIS  
CALDAS DE REIS



# PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

|  |           |
|--|-----------|
| <b>1 TÍTULO.....</b>   | <b>2</b>  |
| <b>2 INTRODUCCIÓN.....</b>   | <b>2</b>  |
| <b>2.1 CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>  | <b>2</b>  |
| <b>2.1 ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....</b>  | <b>2</b>  |
| <b>2.2 XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.....</b>  | <b>4</b>  |
| <b>3 OBXECTIVOS DESEÑADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NOS<br/>DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN.....</b> | <b>5</b>  |
| <b>3.1 A CURTO PRAZO.....</b>  | <b>6</b>  |
| <b>3.2 A LONGO PRAZO.....</b>  | <b>6</b>  |
| <b>4 ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR<br/>OS OBXECTIVOS.....</b>               | <b>6</b>  |
| <b>4.1 PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓNS A CURTO PRAZO.....</b>   | <b>6</b>  |
| <b>4.2 PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓNS A LONGO PRAZO.....</b>   | <b>7</b>  |
| <b>5 ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA.....</b>  | <b>7</b>  |
| <b>6 XESTIÓN E TEMPORIZACIÓN.....</b>  | <b>9</b>  |
| <b>7 RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.....</b>   | <b>11</b> |
| <b>7.1 EDLG.....</b>   | <b>11</b> |
| <b>7.2. PROFESORADO PARTICIPANTE. FUNCIONS E TAREFAS.....</b>  | <b>11</b> |
| <b>7.3 ALUMNADO PARTICIPANTE (CURSO, NIVEL, NÚMERO).....</b>   | <b>12</b> |
| <b>7.4 OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....</b>   | <b>12</b> |
| <b>8 RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.....</b>  | <b>13</b> |
| <b>9 ORZAMENTO. XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN.....</b>   | <b>13</b> |
| <b>10 COLABORACIÓNS CON INSTITUCIÓNS, ENTIDADES, ASOCIACIÓNS OU EMPRESAS. .</b>                                  | <b>13</b> |
| <b>11 MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO.....</b>   | <b>13</b> |
| <b>11.1 ACCIÓNS, CANLES OU VÍAS, MEDIOS E FORMATOS.....</b>  | <b>14</b> |
| <b>11.2 ALCANCE.....</b>   | <b>14</b> |
| <b>12 PLAN DE AVALIACIÓN.....</b>  | <b>14</b> |
| <b>12.1 CRITERIOS E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN.....</b>   | <b>14</b> |
| <b>12.2 IMPACTO DO PROXECTO NA MELLORA DO USO DA LINGUA GALEGA NA COMUNIDADE EDUCATIVA<br/>.....</b>             | <b>15</b> |

## 1 TÍTULO

### As palabras no Camiño II

## 2 INTRODUCCIÓN

### 2.1 CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Aquis Celenis está situado en Caldas de Reis, Pontevedra. A poboación actual do concello é de 9.775 persoas (censo de 2020), cun índice de envellecemento do 117.7 %. A taxa de desemprego é dun 10 %. Destaca o sector servizos (máis da metade da poboación laboral), seguido da industria e a construción.

O alumnado da ESO provén fundamentalmente do centro adscrito de San Clemente de Cesar e da vila de Caldas. Salienta a presenza crecente de alumnado inmigrante procedente principalmente de América do Sur. En canto ao bacharelato, ao propio alumnado do centro e dos centros de Caldas súmanse alumnas e alumnos procedentes dos concellos limítrofes de Moraña, Cuntis, Portas e, en menor medida, Barro.

No curso 2020-2021, o alumnado matriculado na ESO é 144 e en bacharelato 203. As modalidades de bacharelato impartidas son humanidades, ciencias sociais e ciencias. Cómpre destacar un PMAR en 2º da ESO.

No referente aos usos lingüísticos, segundo os datos fornecidos polo IGE a partir da enquisa de poboación realizada en 2013, o perfil do Concello de Caldas (poboación < 10.000 habitantes) vén definido polos seguintes datos: o 57,31 % dos habitantes sabe falar o galego moito, o 29,62 % bastante e o 13,07 %, pouco ou nada. Entre a poboación menor de 15 anos, a porcentaxe de quen sabe falar pouco ou nada increméntase ata o 22,70 %, mentres que entre a poboación de 65 ou máis anos non chega ao 9 %. A aprendizaxe do galego produciuse basicamente a través da vía familiar (o 82,17 %), se ben na franxa de poboación menor do 30 anos preséntase como lugar de aprendizaxe a escola (86,52 %) e xa só o 67,56 % o aprendeu por vía interxeracional.

### 2.1 ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

Ao analizarmos os datos que nos fornecen as enquisas realizadas entre o alumnado<sup>1</sup>, chama a atención que, se comparamos estes resultados cos do IGE, só o 59 % do noso alumnado aprendeu a falar galego de pequeno na casa (43 % só galego e 16 % galego e castelán), é dicir, que, con respecto aos datos do IGE obsérvase unha caída de 9 puntos en só 5 anos na transmisión interxeracional do galego. Debe ser a escola quen compense esta perda. Cómpre mencionar que o Concello de Caldas de Reis non mostra un especial empeño na normalización da lingua.

Outro dato relevante é o que nos fala da pouca fidelidade á lingua familiar e a influencia do contorno na escolla da lingua de relación, que leva a que boa parte do alumnado que fala galego no ámbito familiar non manteña a lingua nas relacións coas súas amizades. Deste xeito, do 45,7 % que di que fala sempre en

<sup>1</sup> Anexo I do [Proxecto lingüístico do centro](#)

galego co seu pai, só o 22,6 % utiliza a mesma lingua coas amizades; un comportamento que non se produce nos que teñen o castelán como lingua familiar, que manteñen nun 100 % o uso da mesma lingua nas súas relacións con amigos/as. Pero non é só coas amizades, na realidade ese 22 % é a porcentaxe de alumnado que se pode considerar galegofalante (é a lingua coa que inicia unha conversa cunha persoa descoñecida), aínda que unicamente un 14,7 % non converxe cara ao castelán se o interlocutor lle fala nesta lingua. Outro dato relevante, por esperanzador de cara a traballar coas actitudes lingüísticas, é que, do 30,8 % que se expresa sempre en castelán, hai arredor dun 20 % que converxe cara ao galego se esta é a lingua do interlocutor.

Vemos así que, sendo importante o papel das familias na conservación e no apego á lingua galega, xa non abonda. Por outro lado, resulta esperanzador comprobar que só unha porcentaxe moi pequena do alumnado presenta rexeitamento cara ao uso da lingua galega e que a perda desta parece que está tamén causada pola falta de interlocutores entre os iguais. Isto supón, certamente, que hai oportunidade e necesidade de traballar as actitudes lingüísticas.

Os resultados indican que no ámbito escolar a lingua do profesorado pode ser referente para algúns alumnos/as. Deste xeito, a porcentaxe que fala sempre ou case sempre en castelán cos compañeiros/as redúcese dun 47,8 % a un 40 % se a comparamos cos que falan sempre ou case sempre en castelán co profesorado.

No relativo ás actitudes lingüísticas e a posibles prexuízos entre o alumnado respecto das funcións que poidan desempeñar cada unha das dúas linguas en Galicia, comprobamos que non chega a un 30 % a porcentaxe de alumnado que considera que as dúas son aptas para calquera tipo de situación. Por outra banda, entre as/os que pensan que hai unha lingua máis acaída para determinadas funcións, aínda hai preferencia á hora de reservar o galego para a función familiar (incluída parella e amizades) pero tamén para a función cultural (escola e ciencia); mentres que para a función laboral se prefire o castelán e no ocio xa cobra importancia o inglés (sobre todo pola música...). Neste sentido, non deixa de ser significativo o dato que ofrece a pregunta sobre os hábitos lectores, que revela que o 44 % do alumnado non le ningún libro en galego ao ano (referímonos a lecturas non obrigatorias) fronte a un 23 % que non le en ningunha outra lingua, ou que haxa un 14 % de alumnado que le máis de 10 libros en castelán e noutras linguas ao ano fronte a só un 1,8 % que os le en galego.

Polo que se refire aos usos lingüísticos do profesorado<sup>2</sup>, hai que destacar de maneira moi positiva (xa se indicou máis arriba) que se converteu nun referente para a normalización do galego no centro, pois case un 70 % usa o galego como lingua de relación co alumnado fóra das aulas e case un 65 % emprégao tamén nas aulas. Por outra banda, tamén se debe mencionar que arredor dun 20 % non o usa nunca, nin sequera cando se trata de situacións formais que así o requiren por ser a lingua preferente na Administración (comunicación coas familias, por exemplo).

No referente ao persoal de servizos, os usos lingüísticos, repártense de maneira moi desigual: o persoal da cafetería utiliza unicamente o galego, o de limpeza só o castelán; pola súa parte, os e as traballadores de atención ao público empregan

---

2 Anexo II do [Proxecto Lingüístico do centro](#)

as dúas linguas con predominio do castelán pois na conserxaría utilizan sempre a lingua do interlocutor e en administración unicamente o castelán (o galego só na escrita). Este é, sen dúbida, un dos puntos fracos da normalización lingüística no noso centro.

## 2.2 XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

A partir da situación que acabamos de expoñer, resulta obvio que no Aquis Celenis hai vía libre para que os proxectos que buscan a dinamización da lingua galega produzan bos resultados. É evidente que fomentar a normalización do galego é necesario, xa que a perda de alumnado galegofalante así o evidencia, e tamén é evidente que é posible, posto que contamos cos axentes normalizadores precisos: un bo número de profesorado comprometido co seu uso, un aceptable número de alumnado galegofalante que sirva de espello e moi pouquiño alumnado con prexuízos cara á lingua propia. Daquela, o que precisamos son proxectos ilusionantes para conseguirmos a implicación do alumnado e do profesorado e, deste xeito, aumentar os espazos de uso do galego, e parécenos que **As palabras no Camiño** é un deses proxectos.

As palabras no Camiño é unha app para Android deseñada polo alumnado que lle permite ao camiñante que se achega desde Lisboa descubrir de maneira lúdica aspectos da cultura galega contados en galego. A lingua galega, as tecnoloxías da información e a comunicación, o Camiño de Santiago e os lazos que tece a lusofonía serán os fíos condutores dun traballo educativo que pretende transcender os límites do centro escolar. O alumnado das distintas etapas educativas e mais o profesorado de moitos departamentos diferentes traballarán para proxectar diversos aspectos da cultura galega, nun afán de dar a coñecer o propio para autorrecoñecerse na cultura galega e comprobar a importancia da nosa lingua como vehículo de comunicación, tamén internacional, porque Galicia é interesante e o galego é unha lingua con presente e con futuro! Velaí a conclusión á que pretendemos que chegue o alumnado do Aquis, velaí a xustificación do proxecto.

En realidade, As palabras no Camiño non é un proxecto novo nun sentido estrito, aínda que si de innovación. Trátase de lle dar continuidade a outro proxecto desenvolvido no curso 2018-2019, que consideramos que pode dar moito máis de si e que, incluso, se lle podería ofrecer a outros centros que, coma nós, se encontren no Camiño de Santiago.

## 3 OBXECTIVOS DESEÑADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

Como dixemos arriba, as necesidades que se observan no centro no ámbito da dinamización do galego teñen que ver basicamente coa necesidade de frear a perda constante do uso da nosa lingua, tendencia xeral en toda a xuventude galega e da que o noso centro, aínda que está lonxe doutras realidades existentes nos centros das cidades, tamén participa. Esta actuación débese encamiñar para conseguir tres resultados diferentes pero complementarios:

- 1 Reforzar o alumnado galegofalante que chega ao centro, sobre todo o procedente dos CPI da contorna, para que non caia nunha actitude

diglósica por mor da influencia do alumnado castelanfalante da contorna vilega, máis castelanizada.

- 2 Recuperar o alumnado procedente dunha contorna familiar galegofalante que xa está instalado no castelán.
- 3 Xerar oportunidades para que o alumnado que ten como lingua de identidade o castelán se achegue ao galego e poida incluso converterse en neofalante.

Cómpre, neste sentido, ter presente que, para conseguirmos o noso obxectivo, debemos actuar en diferentes ámbitos, tanto escolares como de fóra do ámbito educativo, pois o centro non é unha illa e as prácticas lingüísticas do alumnado teñen tamén relación, loxicamente, cos modelos que recibe desde as familias, desde as distintas dependencias municipais, desde a prensa, as redes sociais...

### 3.1 A CURTO PRAZO

- Gañar espazos de uso para que o alumnado castelanfalante poida practicar a lingua galega no intercambio con outros compañeiros e compañeiras.
- Reforzar o alumnado galegofalante no seu papel de espello e modelo para o castelanfalante.
- Conseguir a implicación do profesorado cuxas materias deben ser impartidas en castelán por mor do Decreto 79/2010, xa que, a través da participación neste proxecto, o alumnado pode adquirir a linguaxe técnica propia de áreas como matemáticas, tecnoloxía etc. e incorporar ao seu acervo este vocabulario que, de seu, vén cargado de connotacións de modernidade coas que contrarrestar a asociación aínda imperante do galego co rural e o antigo.
- Conseguir que o profesorado que se incorporou recentemente no centro e que ten como lingua habitual o castelán adopte unha actitude activa na defensa da lingua a través da implicación neste tipo de proxectos interdisciplinarios. Este obxectivo é especialmente importante, pois xa vimos que a práctica lingüística do profesorado é un referente para os usos lingüísticos do alumnado.
- Propiciar a reflexión sobre o potencial da lingua galega como canle de comunicación internacional a través da súa relación co mundo da lusofonía para, deste xeito, poñela en valor e invalidar o prexuízo da súa suposta falta de utilidade.
- Achegarlle ao alumnado as linguas presentes no sistema educativo desde unha óptica do tratamento integrado das linguas e conseguir que valore o plurilingüismo desde a vantaxe que supón ser bilingüe.
- Presentar o galego como unha lingua presente e con proxección nas novas tecnoloxías da comunicación e fomentar o seu uso entre o alumnado nas redes sociais.
- Conseguirmos a implicación da corporación municipal para que, ao tempo que serve de plataforma de apoio e difusión deste traballo, proxecte a

imaxe de que tamén se implica na promoción da lingua. Cómpre lembrar que o Concello non potencia *motu proprio* actividades de concienciación lingüística.

- Lograr que os medios de comunicación locais ofrezan información en galego ou, polo menos, que visualicen a lingua galega e deste xeito contribúan, aínda que sexa de xeito indirecto, ao labor normalizador.

### 3.2 A LONGO PRAZO

- Erradicar os prexuízos lingüísticos existentes entre o noso alumnado.
- Recuperar o alumnado galegofalante, reforzando o galego como lingua identitaria para darlle ferramentas coas que loitar contra a tendencia á diglosia.
- Conseguir que o alumnado castelanfalante vaia adquirindo a competencia oral suficiente como para poder desempeñar unha práctica galegofalante sen carencias ou vergoñas que o limite.
- Conseguir que o galego siga sendo a lingua de relación preferente entre o profesorado do centro, co fin de continuar sendo referente para o alumnado.
- Ofrecermos como centro, de cara ao exterior, unha imaxe de compromiso activo na defensa do galego e, neste sentido, constituírmonos nun referente para aumentar as actitudes proactivas de cara á lingua propia na vila.
- Fomentar a interdisciplinariedade, a transversalidade e as dinámicas de colaboración que ofrezan unha visión normalizadora, que vaia máis alá de disciplinas e áreas concretas.
- Mellorar a valoración social da lingua galega entre o alumnado, o profesorado e a comunidade educativa en xeral, ao ser a cerna de proxectos que fomentan a innovación pedagóxica.

## 4 ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

Dadas as características tan particulares deste curso, no que as circunstancias derivadas da covid nos condicionan e limitan o tipo de accións que se poden desenvolver, evítanse todas aquelas actividades que impliquen reunión de grupos, sexa para a asistencia a actividades de tipo divulgativo, sexa para o traballo en equipos dentro da aula. Por sorte contamos coa tecnoloxía como aliada.

### 4.1 PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓNS A CURTO PRAZO

- Sesións de reflexión, debate e organización do proxecto, nas que o profesorado participante nel interactúa en galego e crea sinerxías que se manteñen posteriormente na relación entre o profesorado no resto da

xornada laboral, e ofrecerlle deste xeito modelos ao profesorado de nova incorporación.

- Emprego do galego como lingua vehicular nos equipos de traballo do alumnado en todas as materias implicadas, para fomentar o seu uso entre compañeiros/as e crear espazos de relación en galego, que o alumnado pode manter tamén fóra do espazo escolar.
- Deseño e emprego de ferramentas TIC propias para asociar o galego co ámbito das tecnoloxías da comunicación e, en xeral, levalo a todos aqueles ámbitos nos que a actual lexislación educativa lle pon vetos.
- Elaboración de material audiovisual en galego para, a través da súa realización, mellorar a competencia comunicativa do alumnado, sobre todo a oral, e ademais aumentar a cantidade de contido en galego nas redes.
- Implicación da hostalaría e o comercio de Caldas de Reis no proxecto, a través da difusión dos seguintes materiais específicos: manteis en papel e carteis e trípticos informativos publicitarios cos códigos QR dos 30 vídeos explicativos para a distribución e o uso na hostalaría de Caldas que axuden a difundir o proxecto e ao mesmo tempo incidan na mensaxe normalizadora máis aló das fronteiras do centro educativo.

#### 4.2 PROPOSTAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓNS A LONGO PRAZO

- Dinamización, desde o EDLG, dos proxectos de innovación educativa realizados no centro para que, deste xeito, se asocie o galego coa renovación pedagóxica e coa aplicación de metodoloxías de calidade.
- Crear unha axenda anual entre a hostalaría de Caldas e o EDLG do IES Aquis Celenis para elaborarmos proxectos dinamizadores.
- Difundir nos medios de comunicación local a maior cantidade de información posible relacionada co proxecto para aumentar a visibilidade do galego na prensa e aproveitar a súa difusión entre as familias do alumnado.
- Compartir coa Consellería de Educación e Cultura o proxecto para llelo ofrecer a outros centros situados nos outros Camiños de Santiago e, desta maneira, cubrir as distintas vías de acceso a partir dos traballos de investigación elaborados polo alumnado.

#### 5 ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

Durante o curso 2018-2019, déuselle forma a un proxecto de dinamización do galego nas novas tecnoloxías mediante a creación dunha aplicación móbil que, dun xeito lúdico, vinculaba o percorrido do Camiño Portugués con diferentes aspectos da cultura galega para (de)mostrar a proxección internacional que ten a nosa lingua e afondar no desmantelamento dos prexuízos existentes. As palabras no Camiño, que así se chama a dita app, ten como punto culminante Caldas de Reis, lugar no que está situado o noso centro educativo, unha vila histórica con múltiples posibilidades que se lles deron a coñecer desde outro punto de vista a



todos os peregrinos e peregrinas que transitan por ela acotío. Esta app podíaa descargar calquera camiñante nos albergues ou puntos de información a partir duns carteis nos que, ademais das explicacións pertinentes, figuraban os códigos QR que daban acceso a material audiovisual elaborado *ex professo* polo noso alumnado.

Durante este curso, no que estamos inmersos nunha situación excepcional de pandemia, retomamos este proxecto para completarmos a aplicación móbil para o Camiño desde Caldas ata Santiago. Así, se ata chegar a Caldas era interesante que os peregrinos e peregrinas fosen coñecendo a nosa vila, unha vez nela, cando inician o final do Camiño Portugués, ofrecerémoslles unha visión global no que se refire aos vínculos lingüísticos galego-portugueses, á historia dos dous pobos irmáns, á gastronomía do Camiño desde Lisboa ata Santiago, ás lendas, á arte... Todo isto integrado na app como produto final.

Este proxecto parte da implicación do alumnado como axente activo en todo o seu desenvolvemento, pois, como xa se indicou, contamos cunha porcentaxe relativa de galegofalantes que nos poden servir de referente para o resto do alumnado. Partimos dunha metodoloxía cooperativa, interdisciplinaria e integradora. Estamos a traballar con grupos nos que se buscará a integración académica e social do alumnado con necesidades educativas específicas, nos que se fomentará a aprendizaxe entre iguais e a posta en valor das intelixencias múltiples a través do deseño de tarefas variadas coas que se activan diferentes procesos cognitivos e nos que, por suposto, se terá en conta o perfil lingüístico.

Unha vez presentada a posibilidade de continuar o proxecto de hai dous cursos e escoitadas as propostas de participación e achegas de ideas, foise deseñando sobre o papel o que será o produto que cada grupo de alumnos e alumnas deberá presentar para contribuír ao produto final, que consistirá en:

- completar a app para móbiles Android deseñada no curso 2018-2019 cun xogo, para o tramo de Caldas a Santiago de Compostela, no que se darán a coñecer nove vídeos con información xeral sobre o Camiño Portugués: historia, arte, lingua, literatura, cultura popular, auga, música e xeneralidades.
- realizar o deseño de carteis, manteis e material informativo-publicitario cos códigos QR dos vídeos, para o seu uso e difusión na hostalaría e no comercio de Caldas de Reis.

Fixáronse reunións presenciais para coordinar as tarefas, dar conta dos avances dos traballos e para poñer en común o grao de consecución de obxectivos así como os prazos de execución para que adquira a calidade correspondente no período sinalado, xa que se trata dun traballo en cadea dos diferentes grupos de alumnos e alumnas participantes. Este traballo desenvólvese atendendo a 3 fases:

#### **Fase de organización. 1º trimestre**

- Proposta do proxecto por parte do EDLG ao profesorado.
- Deseño das actividades de participación do profesorado dentro das respectivas materias.
- Establecemento da temporalización dentro das materias e do proxecto.

- Presentación ao alumnado dos aspectos que imos traballar e do produto que se vai acadar en cada grupo.
- Planificación dos requirimentos da app.

### **Fase de organización e elaboración. 2º trimestre**

- Execución das actividades dentro de cada materia para a obtención dos produtos previos á creación de cada vídeo por parte de cada grupo de alumnado (creación dos textos descritivos, busca de imaxes e sons, creación de audios, realización de análises das augas...).
- Formación do profesorado.
- Presentación do proxecto e busca de colaboración co comercio e hostalaría de Caldas de Reis para a difusión dos produtos de normalización.

### **Fase de elaboración e difusión. 3º trimestre**

- Subtitulado en inglés dos audios en galego.
- Montaxe dos vídeos.
- Deseño e creación da app.
- Elaboración dos carteis para a difusión da app nos albergues e freguesías do camiño.
- Deseño e distribución de carteis, manteis e material publicitario-informativo cos códigos QR.
- Creación dun mural con códigos QR para o centro.
- Difusión en prensa e nas redes sociais do resultado do proxecto.

## **6 XESTIÓN E TEMPORIZACIÓN**

O produto final será unha app que terá dúas formas de funcionar:

**No tramo de Lisboa ata Caldas de Reis**, empregará a mesma estrutura que a [app As palabras no Camiño, que xa está funcionando](#) (xogo que propón resolver 23 adiviñas sobre 23 palabras que significan o mesmo no galego e no portugués, xeolocalizando os peregrinos/as desde Lisboa ata Caldas para ofrecerlles unha adiviña en cada un dos tramos; ao resolver a devandita adiviña poden ver a etimoloxía desa palabra e, a continuación, coñecer Caldas de Reis a través de vídeos nos que se describen 23 lugares significativos de Caldas de Reis).

**No tramo de Caldas de Reis a Santiago**, a app propón un xogo no que se poden ver nove vídeos con información de interese sobre distintos aspectos comúns nos dous lados do Camiño: o galego e o portugués: xeneralidades do camiño, a arte, a gastronomía, a música, a lingua, a literatura, as lendas do camiño, a auga e a historia. Para pasar dun vídeo ao seguinte deberase responder correctamente unha pregunta sobre o seu contido e será unha frase feita a que avisará de se a resposta é correcta ou se o hai que volver intentar.

Para obter o produto final, atenderase aos seguintes pasos e temporalización<sup>3</sup>:

| SECUENCIACIÓN         | TRABALLO QUE SE VAI DESENVOLVER  | TEMPORALIZACIÓN     |
|-----------------------|--|---------------------|
| Organización NSP      | Elección da temática de cada vídeo   | Out.-nov.           |
| Organización NSP      | Estruturación da información necesaria para a busca de información sobre as diferentes temáticas   | Out.-nov.           |
| Organización NSA, NSP | Distribución do profesorado e do alumnado en función dos estándares das diferentes materias  | Out.-nov.           |
| Elaboración NSA       | Elaboración de fichas descritivas para a busca de información  | 2º trimestre (2º T) |
| Elaboración NSA       | Creación de textos expositivos a partir das fichas descritivas   | 2º T                |
| Elaboración NSA       | Creación de audios a partir dos textos expositivos   | 2º T                |
| Elaboración NSA       | Busca de fraseoloxía acaída  | 2º T                |
| Elaboración NSA       | Recompilación de imaxes para os vídeos   | 2º T                |
| Elaboración NSA       | Realización de análises de augas de fontes do Camiño   | 2º T                |
| Elaboración NSA       | Subtitulado dos textos expositivos en inglés   | 2º T                |
| Organización NSCH     | Posta en coñecemento e procura de colaboración do comercio e hostalaría para a difusión dos produtos finais. Distribución de carteis, manteis etc. | Marzo               |
| Elaboración NSA       | Gravación do audio dos vídeos  | 2º T                |

<sup>3</sup> Nota: debido ao límite no número de caracteres, empréganse as seguintes abreviaturas:

NSP: Incidencia da normalización no sector do profesorado

NSA: Incidencia da normalización no sector do alumnado

NSCH: Incidencia da normalización no sector do comercio e da hostalaría

NSCE: Incidencia da normalización na comunidade educativa

|                 |   |            |
|-----------------|---|------------|
| Elaboración NSA | Montaxe dos vídeos  | 2º e 3º T  |
| Elaboración NSA | Publicación dos vídeos na canle de Youtube Aquisvideo   | Abril      |
| Elaboración NSA | Creación da app   | Abril-maio |
| Difusión NSCE   | Elaboración de carteis para o acceso á descarga e instalación da app en albergues e freguesías  | Maio       |
| Elaboración NSA | Elaboración de material publicitario-informativo (manteis de papel, dípticos) co acceso aos 30 códigos QR dos vídeos para a distribución no comercio e hostalaría de Caldas | Maio       |
| Difusión NSCE   | Distribución do material creado no comercio e na hostalaría   | Xuño       |
| Difusión NSCE   | Difusión do proxecto na prensa e nas redes sociais.   | Xuño       |
| Difusión NSCE   | Difusión do proxecto entre as familias  | Xuño       |

## 7 RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

### 7.1 EDLG

O EDLG do Aquis é o encargado de realizar as seguintes actividades:

- Deseño e coordinación do proxecto.
- Creación de materiais de difusión e publicidade.
- Xestións co equipo directivo.
- Xestións coas institucións e organismos cos que se pretende colaborar.
- Difusión a través das redes sociais do EDLG

### 7.2. PROFESORADO PARTICIPANTE. FUNCÍONS E TAREFAS

| <b>Profesorado</b>      | <b>Departamento</b> | <b>Función</b>   | <b>Tarefa que vai realizar co alumnado</b>   |
|-------------------------|---------------------|------------------|--|
| Davide Fernández García | Língua Galega       | Participante (P) | Selección de fraseoloxía Documentación para o vídeo sobre a literatura. Gravación audios |

|                                      |                       |                        |  |
|--------------------------------------|-----------------------|------------------------|--|
| Ana M <sup>a</sup> Rial Aparicio     | Lingua Galega         | P                      | Documentación para o vídeo sobre a lingua  |
| M <sup>a</sup> Teresa Vilar Álvarez  | Lingua Galega         | P                      | Documentación para o vídeo sobre a lingua  |
| Xosé Anxo Rei Lagos                  | Lingua Galega         | P                      | Selección de fraseoloxía<br>Documentación para o vídeo sobre a literatura. Gravación de audios |
| Libertad Fraga Grueiro               | Matemáticas           | P                      | Documentación para o vídeo sobre xeneralidades e arte  |
| Rexina Ortigueira Lestón             | Tecnoloxía            | Coord. EDLG e Proxecta | Deseño de carteis, manteis e dípticos<br>Creación da app                                       |
| M <sup>a</sup> Belén Gosende Bragana | Física e Química      | P                      | Análise de augas de fontes do Camiño   |
| Cristian Ríos Fernández              | Pedagogía Terapéutica | P                      | Montaxe de vídeos  |
| José Manuel Fariña Jamardo           | Xeografía e Historia  | P                      | Elaboración de fichas descritivas de Historia  |
| José Formigo Couceiro                | Xeografía e Historia  | P                      | Deseño manteis e trípticos   |

### 7.3 ALUMNADO PARTICIPANTE (CURSO, NIVEL, NÚMERO)

| Curso | Ciclo | Número   |
|-------|-------|--|
| 1º    | ESO   | 24   |
| 2º    | ESO   | 49   |
| 3º    | ESO   | 26   |
| 4º    | ESO   | 45 + 31 do CPI Alfonso VII (Caldas de Reis), que participan no subtítulado ao inglés |
| 1º    | BACH  | 96   |
| 2º    | BACH  | 107  |

### 7.4 OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Participan no proxecto:

- Equipo directivo: intermediario en xestións coa Administración e apoio loxístico
- Biblioteca do Aquis: axuda na procura de información e recursos
- Familias: colaboración co alumnado para a elaboración dos contidos
- Outro profesorado participante non incluído na relación anterior pola limitación a 10 no número de participantes. Dptos. de Matemáticas (3),

Tecnoloxía (1), Latín (1), Educación Física (1), Galego (1), Música (1), Inglés do CPI Alfonso VII (1)

## 8 RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

- Material de laboratorio para análise augas do Camiño
- Desprazamentos (toma de mostras de augas e imaxes gráficas)
- Impresión de carteis para a distribución nos centros de hostalaría de Caldas de Reis
- Impresión de carteis (para o acceso á app nos albergues do Camiño Portugués)
- Ferramentas tecnolóxicas do centro e do alumnado

## 9 ORZAMENTO. XUSTIFICACIÓN E DESAGREGACIÓN

| Concepto                      | Descrición   | Importe (€) |
|-------------------------------|--|-------------|
| Impresión de carteis          | Carteis para distribución no Camiño  | 20          |
| Placas de Códigos QR          | Mural de 30 vídeos en QR   | 200         |
| Impresión de manteis en papel | Manteis de papel para distribución na hostalería.  | 50          |
| Impresión dípticos            | Dípticos informativos para uso e difusión no comercio e hostalaría                       | 50          |
| Material de laboratorio       | Material para a análise das augas.   | 350         |
| Desprazamentos                | Desprazamento do profesorado a lugares do Camiño para tomar mostras gráficas e de augas. | 285         |
| Fotocopias                    | Material de traballo   | 30          |

## 10 COLABORACIÓNS CON INSTITUCIÓNS, ENTIDADES, ASOCIACIÓNS OU EMPRESAS

- Co Concello na difusión do proxecto
- Coas freguesías e albergues do Camiño
- Coa Asociación de Comerciantes de Caldas de Reis

## 11 MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO

Dar a coñecer o proxecto é fundamental para acabar cos prexuízos cara ao galego como lingua con proxección internacional, con pegada nas novas tecnoloxías. Farase a través dunha educación do alumnado conectada co mundo exterior mediante aprendizaxe-servizo para crear produtos con utilidade para a comunidade, sacando o mellor do alumnado e do propio profesorado.

## 11.1 ACCIÓNS, CANLES OU VÍAS, MEDIOS E FORMATOS

Empregaremos as seguintes canles, medios e formatos:

Difusión física:

- de carteis que permitan descargar a app nos albergues do camiño
- de dípticos informativos e de manteis de papel para o comercio e hostalaría con acceso aos códigos QR dos vídeos
- creación dun mural no centro

Difusión electrónica:

- na web do centro, na canle **Aquisvideo**, nas redes sociais do centro e tamén no blog **Proxecta Aquis** que exercerá de caderno de bitácora
- en redes sociais do alumnado e familias,
- en prensa

## 11.2 ALCANCE

No que se refire ao centro, o proxecto difundirase entre o alumnado de 1º a 4º da ESO e no bacharelato e daranse a coñecer os produtos do proxecto no claustro de final de curso, así como nas reunións periódicas dos equipos de biblioteca e dinamización. E, como non, realizarase a difusión entre as familias e a comunidade educativa.

Por outra parte, divulgarase en diferentes foros de formación do profesorado, ben a través do CFR ou ben mediante a participación de profesorado do centro na realización de charlas noutros centros.

É fundamental a colaboración do Concello para a difusión dos produtos do proxecto, sendo como é unha forma de poñer en valor a vila de Caldas de Reis.

Informaranse os medios de comunicación galegos, ben sexa a radio ou a prensa, tanto por separado como de forma conxunta cos representantes do comercio e hostalaría de Caldas.

Así mesmo, os peregrinos e peregrinas serán axentes de difusión determinantes para que o noso proxecto traspase fronteiras.

## 12 PLAN DE AVALIACIÓN

### 12.1 CRITERIOS E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN

Analizaranse os **criterios** que se citan a continuación, de acordo cos seguintes **indicadores**: 1 moi pouco / 2 pouco / 3 aceptable / 4 moito

a) Referidos ao alumnado:

- percibe o proxecto como algo innovador dentro do seu contexto sociolingüístico
- ve interesante a relación entre innovación, tecnoloxía e o galego
- amosou interese e entusiasmo ante o proxecto
- traballou de forma equitativa en todas as tarefas e evitou a segregación de xénero
- decatouse das posibilidades que ofrece o galego como lingua de ponte á comunidade lusófona

b) Referidos ao desenvolvemento do proxecto:

- o fomento e uso da lingua galega
- o nivel de integración do alumnado con necesidades específicas
- o fomento da solidariedade e o traballo en equipo
- a implicación do profesorado (reunións, cumprimento dos prazos)
- o uso dos recursos dispoñibles no centro

c) A contribución á eliminación de prexuízos lingüísticos sobre o galego

d) As posibilidades de continuidade para o vindeiro curso e viabilidade

e) A difusión do proxecto

f) O logro de obxectivos de forma satisfactoria

## 12.2 IMPACTO DO PROXECTO NA MELLORA DO USO DA LINGUA GALEGA NA COMUNIDADE EDUCATIVA

A globalización está tendendo a unha homoxeneización cultural onde dominan os preceptos estadounidenses e europeos como modelo cunha repercusión lingüística innegable: a lingua da vangarda tecnolóxica é o inglés. Cal é o futuro que lles espera ás linguas que están alén deste eido? Nós, desde o IES Aquis Celenis, consideramos que é fundamental que o alumnado vexa de forma práctica que se pode crear e empregar a tecnoloxía en galego, que é unha lingua vehicular perfectamente válida. Ademais, o galego serve de ponte sólida para nos comunicarmos coa súa lingua irmá, o portugués, en todas as súas variantes ao redor do mundo, e isto ábrenos portas a un panorama cheo de posibilidades.

Con este proxecto demostramos que o galego tamén serve para ser empregado en aplicacións móbiles (escasísimas hoxe en día) e ademais é unha lingua que nos permite comunicarnos cun colectivo moito maior, o da comunidade lusófona, formada por máis de 11 países onde é lingua oficial e un conxunto total estimado de máis de 260 millóns de falantes repartidos por todo o globo. O galego é futuro e supón unha oportunidade de comunicación que o noso alumnado debe coñecer e explotar.



